



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2014/15 |
| Asignatura (*) | Contabilidade Financeira II | Código | 650G01017 | |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Economía Financeira e Contabilidade | | | |
| Coordinación | Gomez Rodriguez, Maria Luz | Correo electrónico | luz.gomez@udc.es | |
| Profesorado | Centeno Carballido, Amparo Gomez Rodriguez, Maria Luz Salvador Montiel, Maria Dolores | Correo electrónico | amparo.centeno@udc.es luz.gomez@udc.es maria.dolores.salvador@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Continuar o proceso de aprendizaxe iniciado na materia Contabilidade financeira I, sobre a elaboración e comunicación da información contable, así como facilitar que o alumno se familiarice coa normativa contable e as súas consecuencias sobre as cifras recollidas nos estados financeiros. | | | |

| Competencias da titulación | |
|----------------------------|----------------------------|
| Código | Competencias da titulación |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--------------------------------------|--|----------------------|
| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe) | Competencias da titulación | | |
| Interpretar as transaccións económico-financieiras no contexto do marco conceptual | A1 A3 A10 A11 A15 A24 | | C3 C7 |
| Coñecer as consecuencias da aplicación do marco conceptual e as normas contables nos estados financeiros | A1 A10 A11 A24 | | C3 C6 C7 |
| Capacidade para aprender de xeito autónomo, buscando a solución a novos problemas a través da aplicación dos coñecementos adquiridos. | A1 A24 | | C3 C4 C6 C7 |
| Capacidade para traballar en equipo, de maneira consultiva. | | | C3 C4 |
| Habilidade para presentar, discutir e defender puntos de vista diferentes. | | | C4 |
| Ter un comportamento ético nos negocios | A9 | | C4 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. Marco conceptual e regulación contable | 1.1.- ¿Por qué a regulación contable? 1.2.- Marco conceptual 1.3.- Regulación contable no ámbito internacional |



| | |
|--|---|
| 2. A regulación contable en España | 2.1.- Antecedentes 2.2.- Características principais e estrutura do PGC 2.3.- PGC en diferentes tipos de empresas |
| 4. Impostos | 4.1.- Imposto sobre beneficios nas microempresas 4.2.- Imposto sobre o valor engadido (IVE) 5.3.- Outros impostos |
| 3. Existencias | 3.1.- Tratamento contable das existencias no PGC 3.2.-Recoñecemento e valoración do deterioro 3.4.- Información nos estados financeiros |
| 5. Recoñecemento de ingresos | 5.1.- Recoñecemento de ingresos: aspectos problemáticos 5.2.- Casos particulares: devolucións e garantías 5.3.- Contratos a longo prazo 5.4.- Información nos estados financeiros |
| 6.Deudores e Acreedores | 6.1.- Recoñecemento e valoración 6.2.- Transferencias de dereitos de cobro 6.3.- Operacións comerciais en moeda extranxeira 6.4.- Información nos estados financeiros |
| 7. Inmobilizado tanxible: cuestión avanzadas | 7.1.- Valoración inicial:costes de financiación, desmantelamento e grandes reparacións 7.2.- Cambios de valor ó longo da vida do activo 7.3.-Información nos estados financeiros: inmovilizado material, inversións inmobiliarias e activos non correntes mantidos para a venda |
| 8. Inmobilizado intanxible | 8.1.- Recoñecemento e valoración 8.2.- Gastos de I+D 8.3.- Fondo de comercio 8.4.- Información nos estados financeiros |
| 9. Inversións financeiras | 9.1.- Concepto e clasificación 9.2.- Recoñecemento e valoración 9.3.- Información nos estados financeiros |
| 10. Fontes de financiamento | 10.1.- Recoñecemento de valoración da débeda 10.2.- Arrendamento financeiro 10.3.- Patrimonio neto: Subvencións de capital 10.4.- Información nos estados financeiros |
| 11. Provisións, contingencias e remuneracións a empregados | 11.1.- Provisións vs contingencias 11.2.- Recoñecemento e valoración 11.3.- Remuneracións a empregados |
| 12. Estados financeiros | 12.1.- Balance de situación 12.2.- Conta de resultados 12.2.- Memoria |

Planificación

| Metodoloxías / probas | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
|----------------------------|-------------------|---|--------------|
| Sesión maxistral | 17 | 34 | 51 |
| Discusión dirixida | 6 | 19 | 25 |
| Proba de resposta múltiple | 1 | 2 | 3 |
| Obradoiro | 19 | 38 | 57 |
| Proba obxectiva | 2 | 8 | 10 |



| | | | |
|--|---|---|---|
| Atención personalizada | 4 | 0 | 4 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | |

| Metodoloxías | |
|----------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | O profesor expón os conceptos teóricos-prácticos do programa |
| Discusión dirixida | Preparación dos temas propostos polo profesor e participación na discusión dos mesmos na aula. |
| Proba de resposta múltiple | Durante o curso realizarase una proba tipo test sen previo aviso. |
| Obradoiro | Resolución de exercicios e casos prácticos en grupo, tanto na aula coma fora dela, con apoio do profesor. |
| Proba obxectiva | Exame final sobre aspectos teóricos e prácticos |

| Atención personalizada | |
|---------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Discusión dirixida Obradoiro | Os problemas contables propostos para a súa resolución na aula teñen por obxecto afianzar a comprensión dos conceptos e problemas contables tratados durante o curso. Para isto, o alumno será guiado polo profesor de xeito que poda chegar á solución ou solucións dos problemas que se lle propoñen. Adicionalmente, por medio das titorías, o profesor guiará a preparación das cuestións propostas para discutir na aula e a resolución das tarefas deseñadas para realizar fora da aula. Por último, as titorías en grupo destinaranse a discutir casos prácticos que por a súa complexidade ou variedade nas posibles solución requiren un maior grado de atención personalizada. O profesor tratará de fixar as horas para as mesmas, se hai dispoñibilidade de aulas, na franxa horaria inmediatamente anterior ou posterior a aquela na que o grupo teña asignada a súa docencia. |

| Avaliación | | |
|----------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Descrición | Cualificación |
| Proba de resposta múltiple | Durante o curso realizarase unha proba tipo test. O alumno que, por calquera razón, non realice a proba terá a cualificación de cero na mesma. | 10 |
| Proba obxectiva | A fin de curso, no día e hora fixados polo centro, realizarase un exame dos contidos teóricos e prácticos. | 50 |
| Obradoiro | Valorarase, a través de pequenas probas escritas individuais realizadas na aula, a aprendizaxe fora da aula baseada na resolución dos exercicios e casos prácticos propostos polo profesor. | 40 |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
| |



A metodoloxía proposta persigue dous obxectivos básicos: i) incentivar ó alumno para que traballe de xeito continuado ó longo do curso e ii) fomentar a autonomía do alumno no proceso de aprendizaxe. Con este fin, ó alumno pídeselle que:

a) Prepare, individualmente ou en grupo, as cuestións indicadas polo profesor para á súa discusión na aula. Valorarase, tanto o rigor nos argumentos utilizados, consecuencia da súa preparación previa, como a habilidade para presentar e defender o seu punto de vista fronte o dos seus compañeiros. Por esta vía, o alumno pode compensar con ata 1 punto a cualificación total obtida ca avaliación continua (obradoiro e proba de resposta múltiple), sen superar o máximo que corresponde a esta avaliación (5 puntos)

b) Semanalmente realice os exercicios e casos prácticos propostos polo profesor. Recoméndase o traballo en equipo para discutir as posible solucións. Ó inicio dunha das dúas sesións de cada semana o profesor presentará ós alumnos un pequeno exercicio, similar ós propostos para realizar fora da aula, que cada alumno deberá resolver de xeito individual no tempo marcado polo profesor. Estes exercicios recolleranse e de todos eles o profesor valorará catro, elixidos aleatoriamente ó rematar o cuadrimestre.

En canto ó exame final e á cualificación na acta, lémbrense os seguintes acordos da Comisión Permanente da Facultade de Economía e Empresa do 6 de xullo de 2011:

Cualificación de non presentado: Corresponde ó alumnado, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ó 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada.

Condições de realización do exame final: Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información.

Avaliación da oportunidade de xullo: Esta debe realizarse cos mesmos criterios que os utilizados, no seu caso, na avaliación do primeiro ou do segundo cuadrimestre.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- Muñoz Jiménez, José (Coord.) (2008). Contabilidad financiera. Pearson- Cervera Oliver, Mercedes; González García, Ángel; Romano Aparicio, Javier (2008). Contabilidad financiera (adaptada al nuevo PGC) . Centro de Estudios Financieros- Sutton, Tim (2004). Corporate Financial Accounting and Reporting. Prentice Hall- Phillips, F.; Libby, R. and Libby, P.a. (2007). Fundamentals of Financial Accounting. McGraw-Hill- Amador Fernández, Sotero; Romano Aparicio, Javier (coordinadores) (2008). Manual del Nuevo Plan General Contable. Centro de Estudios Financieros |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none">- Horngren, C.T.; Harrison, W.T y Bamber, L. S. (2003). Contabilidad. Pearson |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Contabilidade das Operacións Societarias/611G02027

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Análise das Operacións Financeiras/611G02004

Economía da Empresa: Dirección e Organización/611G02008

Contabilidade Financeira I/611G02013

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

